



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Ref.: C61/15

PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA ESPECIAL NA ÁREA DE XESTIÓN DA PRAZA DE ABASTOS E MERCADOS

Asto.: Incoación e informe xustificativo da necesidade do procedemento do contrato menor da obra "EXECUCIÓN DE ESPAZO EXTERIOR PARA MERCADO TRADICIONAL" para a venda de excedentes da horta no entorno da praza de abastos no marco da subvención da Consellería de Economía e Industria para a mellora de mercados municipais e prazas de abastos, así como dos espazos do comercio non sedentario cofinanciadas polo FEDER no marco do programa operativo FEDER Galicia 2007-2013

## **I. PROXECTO DE OBRA E FINANCIAMENTO**

Mediante escrito de data 31.07.2015 (RE núm.5969 de data 31.7.2015) presentouse o proxecto da obra "EXECUCIÓN DE ESPAZO EXTERIOR PARA MERCADO TRADICIONAL" para a venda de excedentes da horta no entorno da praza de abastos, de 29 de xullo de 2015, subscrito pola arquitecta, Iria Pazos Neira, colexiada núm. 3918, no colexio oficial de arquitectos de Galicia, polo importe de 30820,00 euros (sen IVE), sendo o IVE aplicable do 21% (6472,20 euros), que supón un total de 37292,20 euros (IVE incluído).

O proxecto conta co financiamento ao 70% da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia con cargo á liña de subvencións a concellos de Galicia para a mellora de mercados municipais e prazas de abastos, así como dos espazos do comercio non sedentario cofinanciadas polo FEDER no marco do programa operativo FEDER Galicia 2007-2013 (orde de 31.12.2014 publicada no DOG núm. 15 de 23.01.2015), por mor da resolución da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia de 21.07.2015 (RE núm. 5770/15 de 23.07/2015)

A participación da Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Economía e Industria, xustifícase na conveniencia de *"(...) posibilitar medidas e actuacións que sirvan para a mellora dos espazos comerciais urbanos, a adecuación dos espazos do comercio non sedentario e, especialmente, a potenciación dos mercados municipais e prazas de abastos, para acadar un modelo de calidade baseado nos principios de accesibilidade, sustentabilidade ambiental, organización e xestión de servizos, e convertelos en centros especializados en produtos da compra cotiá desenvolvendo unha xestión global e unitaria que aglutine os intereses dos comerciantes e ofrezca ao consumidor o produto e servizo que actualmente demanda, en definitiva, crear unha rede de mercados de Galicia(...)",* toda vez que *"(...) A adecuación e a mellora dos equipamentos públicos comerciais municipais constitúen un elemento clave para o desenvolvemento do comercio. Para estes efectos, as actuacións desenvolvidas polos concellos no ámbito comercial resultan imprescindibles e, moi especialmente, os mercados municipais, que teñen unha singular significación por constituíren espazos de centralidade comercial que, a miúdo, teñen a capacidade de xerar actividades complementarias ao seu redor, ao tempo que constituíen unha canle de comercialización moi eficaz de produto fresco derivado do mar, a horta e a gandería. É preciso, por tanto, renovar estes espazos ás necesidades, tanto dos comerciantes como dos consumidores, desde o momento en que os mercados remodelados permiten consolidar unha forma de comercio de proximidade e a rexeneración dun contorno urbano das vilas e cidades. (...)"*

## **II. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE, IDONEIDADE E EFICIENCIA DA CONTRATACIÓN**

A necesidade e idoneidade do contrato e a eficiencia da contratación esixibles ao abeiro do artigo 22 do texto refundido da lei de contratos do sector público, aprobado polo real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, (TRLCSPP) resulta do carácter público da actuación proxectada en virtude de competencias recoñecidas ás Entidades locais en materia de *ferias, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante* prevista no art. 25.2.i) da Lei 5/87 de Réxime Local (LBRL).



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

No senso sinalado no paragrafo anterior, a arquitecta redactora do proxecto da obra subvencionada de referencia sinala a necesidade de mellorar as condicións actuais do espazo destinado á venda de excedentes da horta e modernizar a imaxe deste espazo tradicional co obxecto de promover e incentivar a compra local.

Considerando o informado polo arquitecto municipal no seu informe de 07.09.2015.

Tendo en conta a acta de replanteo previo asinada polo Arquitecto municipal en data 16.9.2015.

Recibida a correspondente Resolución de autorización do Presidente de Portos de Galicia (Consellería do Mar e do Medio Rural) de data 15.9.2015 para a modificación non substancial da concesión administrativa outorgada mediante resolución do Presidente de Portos de Galicia de data 27.11.2000 e prorrogada o 9.9.2015, a favor do concello de Bueu da parcela de dominio público portuario adscrito ao porto de Bueu sobre a que ditas obras se proxectan.

Logo dos antecedentes detallados, a obra proxectada ten a consideración de obra local en aplicación do disposto no art. 88 do Real decreto 781/86 polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, polo que, en base ao anterior, propoño a incoación do proceso de adxudicación do seguinte contrato menor de obra e aprobación do correspondente cadro de características do mesmo :

### **III. CADRO CARACTERÍSTICAS “EXECUCIÓN DE ESPAZO EXTERIOR PARA MERCADO TRADICIONAL PARA A VENDA DE EXCEDENTES DA HORTA NO ENTORNO DA PRAZA DE ABASTOS”**

A través deste cadro quedarían regulados os principais elementos do contrato sendo de aplicación, en calquera caso e para o non regulado a través do mesmo, o réxime xurídico que resulta de aplicación do TRLCSP e as súas normas de desenvolvemento:

- Obxecto
- Prezo e Forma De Pago
- Duración
- Procedemento e Tramitación
- Proposicións
- Responsable do Contrato
- Obrigas Específicas da Execución do Contrato

#### III. 1. OBXECTO DO CONTRATO:

Ref. S/C/61-15	Órgano xestor: Alcaldía (Consta efectuada delegación)	Cód. DIR 3:L01360046
	Unidade tramitadora: Secretaria	Cód. DIR 3:L01360046
	Oficina contable: Intervención	Cód. DIR 3:L01360046
	Órgano destinatario do obxecto contrato: Praza de abastos e mercado Delegación xeral e especial de atribucións e funcións contida na resolución de alcaldía núm. 582/15 de 17.06.2015 (BOP núm. 121 de 26/06/2015) en favor das concelleiras Silvia Carballo González e M <sup>a</sup> José Pérez Piñeiro respectivamente	
Título: “Execución de espazo exterior para mercado tradicional para a venda de excedentes da horta no entorno da praza de abastos”		
CPV: 452000000-9		CNAE: 41.00.40



## CONCELLO DE BUEU

### DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

### III.2. PREZO E FORMA DE PAGO

Valor estimado: 30820,00 €	
IVE: 21%	
Importe IVE: 6472,20 €	
Importe total: 37292,20 €, IVE incluído	
APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 920.60901.01 (orzamentos 2015)	
FINANCIACIÓN: Liña de subvencións a concellos de Galicia para a mellora de mercados municipais e prazas de abastos, así como dos espazos do comercio non sedentario cofinanciadas polo FEDER no marco do programa operativo FEDER Galicia 2007-2013 Regulación: Orde de 31.12.2014 da consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia (DOG núm. 15 de 23.01.2015)/Resolución da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia de 21.07.2015 (RE núm. 5770/15 de 23.07/2015) Financiación ao 70% (importe da subvención: 27408,92)	
FACTURACIÓN ELECTRÓNICA: Presentación de facturas a través do punto xeral de entrada de facturas establecido para o concello de Bueu nos termos previstos no artigo 4º da lei 25/2013.	CÓDIGOS DIR 3: Publicados no BOP núm. 6 de 12.1.2015 e na web municipal

### III.3 DURACIÓN

PRAZO DE EXECUCIÓN: Tres (03) semanas
OBRIGA ESPECÍFICA VINCULADA AO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA: En todo caso, a duración do contrato queda determinado polo prazo de xustificación da axuda concedida pola Consellería de Economía e Industria de 21.07.2015 (RE núm. 5770/15 de 23.07/2015) ao abeiro da orde de 31.12.2014 da consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia (DOG núm. 15 de 23.01.2015) que remata o vindeiro 31.10.2015 no senso sinalado na corrección de erros de dita orde reguladora publicada no DOG núm. 19 de 29.01.2015

### III.4 PROCEDEMENTO E TRAMITACIÓN

PROCEDEMENTO: Contrato menor	CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN: Pluralidade de criterios (prezo e melloras)
REVISIÓN PREZOS: Non	VARIANTES/MELLORAS: si
MELLORAS: Só poderán ofertarse as melloras que se contén na "5. Proposta de melloras" do proxecto da obra "EXECUCIÓN DE ESPAZO EXTERIOR PARA MERCADO TRADICIONAL" para a venda de excedentes da horta no entorno da praza de abastos, de 29 de xullo de 2015, subscrito pola arquitecta, Iria Pazos Neira, colexiada núm. 3918	
VALORACIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN (puntuación total posible...100 ptos) Prezo.....60 puntos Mellora 1.....15 puntos Mellora 2.....20 puntos Mellora 3.....05 puntos	
DOCUMENTACIÓN DA PROPOSICIÓN: Anexos tipo relativos á oferta económica e formulación de melloras	
DOCUMENTACIÓN PREVIA Á ADXUDICACIÓN: O licitador que concorra en tempo e forma e cuxa proposición sexa declarada a máis vantaxosa deberá aportar, previo requirimento do órgano de contratación, a documentación acreditativa da capacidade e solvencia nos termos que resultan do TRLCSP e normativa de desenvolvemento	



## CONCELLO DE BUEU

### DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

FORMA PREFERENTE DAS NOTIFICACIÓNS/COMUNICACIÓNS: FAX OU CORREO ELECTRÓNICO sempre que medie aceptación expresa da persoa que concorra.

### III.5. PROPOSICIÓNS

PRESENTACIÓN PROPOSICIÓNS: Poderán presentar proposicións ademais das empresas que sexan invitada, as que concurran dentro do prazo de 08 días naturais posterior ao da publicación do correspondente anuncio de licitación no perfil de contratante da web municipal

LICITACIÓN ELECTRÓNICA (posibilidade de presentación de ofertas por medios electrónicos): Non se admite

TABOLEIRO DE ANUNCIOS ELECTRÓNICO (medio electrónico de comunicación de defectos u omisións subsanables na documentación presentada: SI. A través do Perfil de contratante da web municipal

COMUNICACIÓNS E NOTIFICACIÓNS: Uso preferente de FAX e/ou CORREO ELECTRÓNICO previa autorización do licitador

ACCESO AO EXPEDIENTE: No perfil de contratante do concello de Bueu ao que se accede a través do portal da web municipal ([www.concellodebueu.org](http://www.concellodebueu.org))

DÚBIDAS E ACLARACIÓNS AOS PCAP/PPT: Formulación mediante correo electrónico dirixido á dirección [contratacion@concellodebueu.org](mailto:contratacion@concellodebueu.org), cunha antelación mínima de 48 horas ao remate do prazo de presentación de ofertas.

PUBLICIDADE DA RESOLUCIÓN DAS DÚBIDAS E ACLARACIÓNS AOS PCAP/PPT: Anuncio no taboleiro de anuncios do concello (planta baixa da casa consistorial) e no Perfil de contratante da web municipal garantindo o anonimato da persoa física ou xurídica que formula a consulta e notificación individualizada da resolución ao consultante por correo electrónico.

### III.6. RESPONSABLE DO CONTRATO

RESPONSABLE DO CONTRATO: Director de obra. Arquitecto municipal.

### III.7. OBRIGAS ESPECÍFICAS DA EXECUCIÓN DO CONTRATO

Obrigas específicas:

- As que resulten do TRLCSP e RGCE

- As que resulten do Proxecto de obra proxecto da obra "EXECUCIÓN DE ESPAZO EXTERIOR PARA MERCADO TRADICIONAL" para a venda de excedentes da horta no entorno da praza de abastos, de 29 de xullo de 2015, suscrito pola arquitecta, Iria Pazos Neira, colexiada núm. 3918, no colexio oficial de arquitectos de Galicia.

Neste senso, ás obrigas xerais do contratista quedan detalladas no epígrafe 2º, do capítulo II do prego de cláusulas administrativas que figura no aptdo. IV do devandito proxecto de obra.

- As que resulten das ordes que ao efecto emita o responsable do contrato

- As que resulten da orde de 31.12.2014 da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia (DOG núm. 15 de 23.01.2015)

- As que resultan da resolución da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia de 21.07.2015 (RE núm. 5770/15 de 23.07/2015)

- OBRIGA ESPECÍFICA VINCULADA AO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA: En todo caso, a duración do contrato queda determinado polo prazo de xustificación da axuda concedida pola Consellería de Economía e Industria de 21.07.2015 (RE núm. 5770/15 de 23.07/2015) ao abeiro da orde de 31.12.2014 da consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia (DOG núm. 15 de 23.01.2015) que remata o vindeiro 31.10.2015 no senso sinalado na corrección de erros de dita orde reguladora publicada no DOG núm. 19 de 29.01.2015

Xúntase ao presente os seguintes Anexos: "Modelo de oferta económica", "Modelo de



**CONCELLO DE BUEU**

**DEPARTAMENTO SECRETARÍA**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

documento de oferta de melloras” e “Modelo de aceptación de forma de comunicación/notificacións”.

Asemade, xúntase ao presente os documentos acreditativos dos feitos sinalados xunto coa correspondente retención de crédito da Intervención do concello efectuada con data 28.08.2015.

Bueu, 16 de setembro de 2015

A concelleira delegada especial na área de xestión da praza de abastos e mercados

M<sup>a</sup> José Pérez Piñeiro

V<sup>o</sup> e prace

A concelleira delegada xeral da área de economía, emprego, consumo e turismo

Silvia Carballo González